

## 6x6 PUNTO DE ENCONTRO O ARRABAL HISTORIAS NON ESCRITAS

*Oia, só de ti fala mal quen non coñece a túa historia,  
quen ignora os teus pergamiños!*<sup>1</sup>

Eran os primeiros anos do pasado século XX cando Juan Rey asinaba estas palabras, produto, sen dúbida, do seu amor por esta terra. Pero, se ben é certo que conservamos documentos con fascinantes historias do noso concello, non debemos esquecer que hai outras historias igual de valiosas que chegaron ata os nosos días sen teren referencias escritas.

Contos sobre o Mosteiro, anécdotas da vida cotiá ou mesmo sucesos extraordinarios permanecen no noso imaxinario colectivo grazas a esa transmisión oral coidada con agarimo e transmitida con orgullo de xeración en xeración. Historias que nos unen como comunidade e nos fan reflexionar sobre ese patrimonio que non ten forma física, pero que tamén existe e debemos coidar.

Inspirándonos neste rico patrimonio oral, as persoas participantes no obradoiro de teatro veciñal desenvolvido entre febreiro e maio de 2019 fixemos unha compilación de relatos. O noso obxectivo? Podelos compartir con toda a veciñanza a través dunha serie de pezas teatrais a representar en distintas localizacións do barrio do Arrabal.

Con estas propostas escénicas volveremos escoitar as choronas dos enterros; contaremos historias de pasadizos secretos; da aparición da Virxe do Mar ou das viaxes que os recién casados fa-

---

<sup>1</sup> En castelán, no orixinal. Podemos ler esta frase na páxina 35 do *Historial de Oya*, libro editado polo Concello en 2004 e que compendia unha serie de artigos de Juan Rey Iglesias. Estes textos foran publicados no xornal guardés *La Voz del Tecla* entre 1915 e 1917.

ción a Vigo. Lembrarémonos de Jesús, *o Monte*, e *do Fandango* e volveremos aos tempos da emigración, do contrabando e das cornetadas. Tamén viaxaremos no tempo para lle dar vida a algunhas das persoas que habitaron o Mosteiro ao longo dos séculos...

Igualmente recollemos, nestas pezas teatrais, textos de dous autores que simbolizan a un tempo a importancia da nosa literatura e o compromiso co pobo galego; son fragmentos de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, e do poema *Castellanos de Castilla*, de Rosalía de Castro. Queremos, deste xeito, ofrecerlles a nosa homenaxe e tamén sentir a súa presenza acompañándonos.

De xeito paralelo á visita dramatizada presentamos unha exposición de obxectos cedidos pola veciñanza de Oia e vinculados con algún elemento da cultura popular: saberes, oficios, tradicións, historias familiares...Cada peza representa unha historia. É dicir, unha vez máis servímonos do material para evocar e pór en valor aspectos inmateriais dunha herdanza cultural de noso.

Esperamos que gocedes destas iniciativas e que sirvan para provocar unha reflexión colectiva sobre o noso pasado, sempre coa vista posta no futuro. Porque sen coñecer e valorar o que nos vén de atrás non chegaremos a entender o presente nin a construír, entre todos e todas, a sociedade do mañá que desexamos.

## A EXPOSICIÓN

A exposición *Arrabal, historias non escritas* é froito do proceso de reflexión arredor do patrimonio inmaterial que nace no seo do obradoiro de teatro veciñal. Ao longo de varias sesións compartimos experiencias vitais, anécdotas e historias que falan das formas de vida tradicionais, momentos históricos concretos e formas culturais en risco de desaparecer.

Cada persoa presentou un obxecto que lle axudaba a relatar a súa historia: fotos de antepasados, ferramentas de traballo, utensilios

domésticos, documentos históricos ou de familiares, enxovais e moitas outras cousas cheas de maxia e simbolismo.

Todos estes contidos permitíronnos construír cada unha das historias que se representan na visita dramatizada. Trátase de partir do material para narrar o inmaterial. Todo é patrimonio, todo ten valor e, por tanto, paga a pena que sigamos a conservalo.



A exposición quere recompilar, mostrar e compartir co conxunto da veciñanza todos estes obxectos que, no transcurso do obradoiro teatral, nos serviron como fonte de inspiración. Cada peza preséntase xunto cun pequeno texto onde realidade e ficción se mesturan para lle render unha merecida homenaxe ao noso patrimonio inmaterial e á xente que nos deixou esa herdanza.

Convidámosvos a visitala na Oficina de Turismo de Oia a partir do 1 de xuño!

# A REPRESENTACIÓN TEATRAL: TEXTOS

## As lavandeiras

**Lavandeira 1** –Di a miña curmá, que seica lle dixeron que ían dicindo por Pedornes, que unha noite de lúa chea...

**Lavandeira 2** –Ou mañá de luz clara, iso non o precisaron ben... ou esas horas de lusco e fusco... cando se ve e non se ve... cando os mozos andan a...

**Lavandeira 3** –Cala demo, cala! Deixa falar a *Pernas Tortas*.

**Lavandeira 1** –Unha noite de lúa chea, ou mañá de luz clara, baixaba polo camiño do Calco a Sara co cesto debaixo do brazo... Seica ía coller o argazo.

**Lavandeira 4** –Non era debaixo do brazo, levaba unha cesta grande. Seica a viran antes colocar ben a *rudulla* para levalo na cabeza... A rapaza ía ao argazo, con ansia de encher canto antes, para que ninguén llo quitara.

**Lavandeira 5** –Para iso eran terribles *as Henriquetas*... Se te despistabas xa ti non tiñas nada. Por iso eu nunca fun ao argazo. A miña avoa sempre me mandaba carrexar pedras para os camiños.

**Lavandeira 2** –Xa! ben sabemos todas a que ías ti aos camiños!... Sempre fuches moi...

**Lavandeira 5** –Moooi queeee???? Filla de...!!!!

**Lavandeira 3** –Deixade seguir a *Pernas Tortas*.

**Lavandeira 1** –Comeza a camiñar polas rochas...

**Lavandeira 2** –Onda a pedra da Catalina, alí nas Orelludas, na parroquia de Pedornes.

**Lavandeira 1** –Cando un pequeno resplandor.

**Lavandeira 3** –Como que pequeno! A rapaza case que quedou cega, con semellante labarada!

**Lavandeira 4** –Era o brillo duns ollos azuis e un manto azul.

**Lavandeira 5** –O manto a min dixéronme que era branco... Branco resplandecente.

**Lavandeira 2** –Branco ou azul; á mañá, ou á noite, ou ao argazo; cesta ou cestón... Calade xa dunha vez, que quero saber que segue!

**Lavandeira 3** –Iso, deixade a *Pernas Tortas!*

**Lavandeira 1** –Pois era unha virxe chea de teas de araña.

**Lavandeira 4** –Como ía ter teas de araña, se estaba no mar? A min dixéronme que estaba mollada e limpa.

**Lavandeira 5** –Limpiña, cun can atado aos pés do seu manto.

**Lavandeira 2** –Pois si que estamos ben, a miña nai contábame que aquilo era unha leoa...

**Lavandeira 3** –Deixádea que siga. Sexa león ou leoa, ou un *ghalgho* ou un *lebre!*, ben limpiña ou emporcallada.

**Lavandeira 1** –Tal foi o susto da Sara, que comezou a berrar coma se vise que o demo pasara... Aaaaaah!!!! Acudide, veciños!!!!

**Lavandeira 2** –Ela chamáballe ao *cata*... Xosé, Xosé.... Nos camiños???

**Lavandeira 4** –Nin a chamaban, nin chamaba... A propia Virxe dixeron que cantaba...

**Lavandeira 5** –Fose o que fose... Viñeron de Pedornes, de Oia, de Mougás e máis de Viladesuso. Algún había de Mavia... E unha prima miña de Torroña.

**Lavandeira 3** –Deixade seguir a *Pernas Tortas*.

**Lavandeira 1** –Veñen uns bois cun carro e deixan que eles decidan a onde a van levar...

**Lavandeira 2** –Ai si? Mira que ben!, os de Oia din que decidan os bois...

**Lavandeira 4** –Mira muller, os bois eran do *Paxarelo*...

**Lavandeira 3** –Eran do *Palancas*!

**Lavandeira 5** –*Paxarelo* ou *Palancas*, os bois eran de Oia e tiraron para a casa. Así calquera decide! Cando o cortello me chama...

**Lavandeira 3** –Pois a min dixéronme que a Virxe ía en angarellas, coma o can.

**Lavandeira 4** –A leoa.

**Lavandeira 3** –Botou a lingua de fóra.

**Lavandeira 2** –E foi a mesma Virxe, que o dixo a miña nai, que ela vivía en Oia. Que a Virxe decidiu ir ao mar.

**Lavandeira 1** –Mais, seguro que o propio abade a levou á capela.... Está ben onde está.

**Lavandeira 4** –Pois mellor estaba en Pedornes....

**Lavandeira 5** –Está ben! Ou can, ou leoa, ou bois ou angarellas..., a Virxe está onde está! E como apareceu no mar, chámanlle así: a Virxe do Mar.

## **Jesús o Monte**

**Muller 1** –De onde vés con tanta quentura?

**Muller 2** –Nin que viras unha pantasma... Fala, home, fala! E acouga un pouco!

**Home** –Pois acabo de saír das cociñas do Mosteiro polo túnel da praia. Collín unhas chourizas, que roubar con fame en casa rica non é roubar.

**Muller 3** –Era boa, home! Non existe nin o túnel que dá á Igrexa de Pedornes, nin o que din que xuntaba coa capela de San Sebastián, nin o da Riña.

**Muller2** –Esas son lérias!

**Muller 1** –Como que non existen? Se o que ía para a capela afundiuse un día que estaban as vacas a pacer na herba. Meteu medo o rebumbio!

**Home** –Pois non sei se eses pasadizos dos que falades vós existían ou non. Pero eu, polo que hai na praia, chego ás cociñas do Mosteiro... Ai, se non fora por iso hai tempo que estabamos mortos de fame na casa!

**Muller 1** –Es peor que Jesús, o Monte! Ti acórdaste del?

**Home** –Si, acordo. Sendo eu neno tirábame pedras!

**Muller 2** –Aínda me parece que estou a miralo: coa roupa toda rota, enchidiño de merda, con aquel saco que levaba sempre ao lombo e cos cans detrás del...

**Muller 3** –Ai si. Na nosa casa pedía touciño. De porco... de porca non quería! Sabedes? A quen non lle dese caldo e o botase fóra da casa... Ao día seguinte aparecíalle unha cagada na porta! Era tremendo!!

**Home** –E cando estaba a comer o caldo e miraba un neno, o que tivese na boca e nas mans ía polo aire xa... E veña a tirar pedras!

**Muller 1** –A min mandábame miña nai coa burra polo Xardín e eu morría co medo por se o atopaba espido... Sempre que bebía viño púñase en pelotas...

**Muller 2** –Notábase ben cando viña borracho. Era cando lle daba por falar castelán!

**Muller 3** –Pero o seu castelán: cando á súa cadela Turca lle chamaba *Tuerca*, xa viña cargado de augardente, hahaha!

**Muller 1** –Pero o home tamén tiña o seu lado bo: comían os cans antes ca el!

**Muller 3** –E comían todos na mesma cunca!

**Home** –Sempre pedía caldo.

**Mulleres 2 e 3** –Caldo non... *Papalaverza!*

**Muller 1** –*Pa-pa-la-ver-za?*

**Mulleres 2 e 3** –Caldo con fariña, muller! hahahaha!

**Home** –Ou caldo de unto.

**Todas** –(*improvisando, interrompéndose unhas ás outras*). Pois a miña avoa facía... Eu moito comín diso...

**Home** –*Boh*, eu voume.

**Todas** –Vaite pola sombra, non te vaian pillar!!!



## As choronas

*(Tocan as campás)*

**Todos** –Que foi? Que pasou?

**Voz 1** –Non sería o *Fandanguiño*, que se tirou do muro do Convento?

**Voz 2** –Alá se vai o noso feirante, a gala das nosas romarías!

**Voz 3** –Alá se vai o noso patriarca, o santo das nosas devocións!

**Voz 4** –Alá se vai o noso capitán, o capitán do noso navío!

**Voz 1** –Alá se vai a nosa fachenda, a meniña dos nosos ollos!

**Voz 2** –E levas música, porque xa estás no ceo!

**Voz 3** –E levas música porque xa estás no ceo!

**Voz 3** –Mira, ti! Oín no río cando estiven a lavar que seica casa preñada a filla do veterinario.

**Todos** –Ai Xosé, Xosé, Xosé!

**Voz 4** –Quen che roubou a fala?

**Voz 1** –Quen che parou o corazón?

**Voz 2** –Quen che zugou a vida?

**Voz 2** –(*Á parte*) María, trouxéchesme o fermento? Mira que mañá teño que cocer o pan e logo levalo para a casa da Señorita. E xa sabes como é ela coa quenda da masa...

**Todos** –Ai Xosé, Xosé, Xosé!

**Voz 3** –E vaste sen dares unha queixa.

**Voz 4** –E vaste sen pedires médicos!

**Voz 1** –E vaste sen dares unha queixa.

**Voz 2** –E vaste sen despedirte de nós.

**Todos** –Ai Pepe, Pepe, Pepe!

**Voz 1** –(Á parte) Ai mal raio, teño a gorxa seca. Nenaaaa!!!! Trae unha copiña de augardente, que non doufeito.

**Voz 1** –Alá se vai o das trasnadas. Cantas ti fixeches!

**Voz 2** –O ceo tes gañado de tanto facernos rir.

**Voz 3** –Por que te tiraches do muro do Convento abaixo, Xosé?

**Xosé** –Pero se eu estou aquí! Cunha perna rota, pero estou aquí! Tireime do muro do Convento e caín no camiño. Como non me pasou nada, intenteino unha segunda vez: desde o camiño ata a barda do argazo.

**Voz 4** –Non lle pasou nada? E logo por quen choramos?

**Xosé** –Polo Xosé Fernando, o de Burgueira...

**Todos** –Ahhh!

**Voz 1** –Alá se vai o noso capitán, o capitán do noso navío!

**Voz 2** –Alá se vai o noso feirante, a gala das nosas romarías!

**Voz 3** –Alá se vai o noso patriarca. O santo das nosas devocións!

**Voz 4** –Alá se vai a nosa fachenda! A meniña dos nosos ollos!

**Todos** –Ai Xosé, Xosé Fernando!!!!

**Voz 1** –Adeus para sempre, quentura do noso inverno!

**Voz 2** –Adeus para sempre, puntal da nosavellez!

**Voz 3** –Adeus para sempre, pan e viño da nosa mesa!

**Voz 4** –Adeus para sempre, botica dos nosos pesares.

**Todos** –Ai Xosé...Fernando!

**Xosé** –Veña mulleres, xa a comitiva está na *general*. Non hai viño?

**Voz 1** –Si *Fandanguíño*, si... E logo, porque saltaches?

( *Falan e segue a conversa ata que remata a escena* )

# As Cornetadas

## 1ª PARTE

**Muller 1** –De onde vides?

**Muller 2** –De pechar os animais na corte. E logo ti aínda os tes soltos?

**Muller 1** –Era boa, muller! Onde vai que pechei as galiñas e os porcos, non ves que vén chuvia?

**Muller 3** –Ah! E non sabedes o que se di por aí?

**Muller 4** –Cala muller cala, que eu acabo de escoitalo.

**Muller 1** –E logo, que foi?

**Muller 2** –Non sei que carallo fas ti, que todos os contos van para a túa casa.

**Muller 3** –Pois mira quen foi falar... que andas todo o día no camiño, a ver que vai e que vén...

**Muller 4** –Foron falar as que máis teñen que calar.

**Todas** –(Risas)

**Muller 3** –Que vai casar o Ramón, o contrabandista.

**Muller 1** –Pero ese non era viúvo?

**Muller 2** –Era boa, onde vai que morreu a Carmen!

**Muller 4** –Non tanto... dous anos van para a festa do Corpus.

**Muller 3** –Pois casa coa Maruxa.

**Muller 1** –Que Maruxa?

**Muller 4** –A de Cristelos.

**Muller 2** –Pois vaia prendas os dous...

**Todas** –Deus os dá e eles.....

**Muller 3** –Pois sempre que viña de Portugal con café e bacallau, el quedaba na súa casa mentres ela baixaba a ver se estaba libre o camiño e non pasaban os gardas.

**Muller 4** –E tanto ir e vir que... Unha noite que agardo... outra que vixío... outra que...

**Muller 1** –Pois teremos que lle facer unha cornetada na porta da súa casa!

Barrigudo, barrigudo

con quen vas casar?

coa muller máis porca

de todo o lugar.

El hombre marinero

no se debe de casar,

que al meterse en el barco

ya lo pueden engañar.

Conquista na China,

conquista no Xapón

e veu casar

na casa do patrón.

*(Máis cornetadas)*

## 2ª PARTE

*(Aparecen os noivos)*

**Muller 1** –Parece que casades, non si?

**Muller 2** –Para cando é o acontecemento?

**Muller 3** –Convidaredes á chocolatada coma todos, non?

**Muller 4** –Todos non. Eu dei rosca e viño tinto para todo o que quixese vir.

**Ramón** –Casar, casar... Xa casamos.

**Maruxa** –Non quixemos avisar...

**Muller 1** –Tiñades présa, logo?

**Muller 2** –Seica vos pica o lombo! Gatos...!!!

**Todas** –*(Risas)*

**Ramón** –De feito vimos de Vigo, da lúa de mel.

**Maruxa** –Esta mañá ben cedo collemos o camiión do leite deica Baiona.

**Ramón** –E alí o tranvía a Vigo.

**Muller 3** –E xa estades de volta?!

**Muller 4** –Nin unha noite fóra da casa?!

**Ramón** –Si muller, era para estar tres... Pero ao chegar ao Berbés... Había alí un home cuns periódicos berrando.

**Maruxa** –Miraba para nós e abaneaba cos periódicos na man...

**Ramón** –Non facía outra cousa que dicirnos: fóra de Vigo!, fóra de Vigo!

**Maruxa** –O moi cabrón tamén berraba: e lávese!

**Ramón e Maruxa** –E demos volta para a casa.

**Todas** –(Risas)

**Ramón** –De que rides?

**Maruxa** –Eu de mañá cedo ía limpa, coa roupa nova!

**Muller 1** –Tiña periódicos na man?

**Ramón** –Tiña.

**Muller 2** –Dous tipos de periódicos?

**Maruxa** –Dous, si.

**Muller 3** –E berraba e sacudíaos no ar?

**Ramón** –Sacudía, si...

**Muller 4** –Vendía periódicos!

**Muller 1** –Fóra de Vigo e lávese!

**Maruxa** –E ti como sabes...?

**Todas** –(Risas)

**Muller 2** –Diría: Faro de Vigo!

**Muller 3** –E ABC!

**Muller 4** –Nada de fóra de Vigo e lávese...

**Todas** –(Risas)

## Castellanos de Castilla

**Nenos** –*Castellanos de Castilla*,  
tratade ben ós galegos;  
Cando van, como rosas;  
Cando vén, vén coma negros.

**Moza** –Cando foi, *iba* sorrindo,  
cando veu, viña morrendo;  
a luciña dos meus ollos,  
o amantiño do meu peito.

Aquel máis que neve branco,  
aquele de *doçuras* cheo,  
aquele por quen eu vivía  
e sen quen vivir non quero.

Foi a *Castilla* por pan  
e saramagos lle deron;  
déronlle fel por bebida.  
peniñas por alimento.

Déronlle, en fin, canto amargo  
ten a vida no seu seo...  
¡*Castellanos, castellanos*,  
tendes corazón de ferro!

Ai!, no meu corazonciño  
xa non pode haber contento,  
que está de dolor ferido,  
que está de loito cuberto.

Morreu aquele que eu quería  
e para min *n'hai consuelo*:  
só hai para min, Castela,  
a mala lei que che teño.



**Muller 1** –Que lle pasa e esta muller? Toleou ou que?

**Muller 2** –Entón non sabes o que lle pasou?

**Muller 3** –Non. Logo que foi?

**Muller 2** –Non sabedes?

**Todas** –Non.

**Muller 4** –Esa non é Rosa, a que lle fora o home segar a Castela o ano pasado?

**Muller 1** –Ahh... Claro que é ela.

**Muller 2** –Pois que o home morreulle alá.

**Muller 3** –Coitado... Xa outros foran antes e alá quedaron.

**Todas** –Miña pobre, coitadiña!

**Muller 4** –Pois hai que ter paciencia e tirar para adiante. Ten fillos que manter.

**Muller 1** –Oístes? Eu escoitei que a veciña aquela que lle chaman *a Bruxa*, que é malísima, pois esa seica lle botou mal de ollo e desde aquela xa non quedou ben... e aínda era unha nena...

**Muller 2** –E ti cres nesas cousas?

**Muller 1** –Si ho, eu cando paso por onda ela poño a figa e levo unha cabeza de allo, por se acaso..

**Muller 3** –Fas ben, como di a xente, habelas hainas.

**Muller 1** –Mira ti, como quedou esta moza, por culpa dela!

**Muller 2** –Miña pobre! A verdade é que ela sempre foi un pouco tristonra.

**Muller 3** –Pois si, e hoxe por riba é lúa chea... e xa sabedes... coa lúa chea, as cabeciñas non paran.

**Muller 4** –Que lúa chea, nin lúa pequena! Vai ser culpa da lúa? Ela xa nunca foi ben guiada!

**Muller 3** –Ai, muller...

**Muller 2** –Coitadiña, que pena...

*(Mirando para a moza, moi enfadadas)*

**Muller 1** –Permita Dios, *castellanos*,  
*castellanos que aborreço*,  
que antes os galegos morran  
que ir a pedirvos sustento!

**Muller 2** –Pois tan mal corazón tendes,  
secos fillos do deserto,  
que se amargo pan vos gañan,  
dádesllo envolto en *veneno*.

**Muller 3** –Aló van malpocadiños,  
todos de esperanzas cheos,  
e volven, ai, sen ventura,  
*con un caudal de despreços*

**Muller 4** –Van pobres e tornan pobres,  
van sans e tornan enfermos,  
que anque eles son como rosas,  
tratádelos como negros.

*(Escoitan todas a moza)*

**Moza** –Por que aló fuches, meu ben?  
Nunca tal *houberas feito!*  
Trocar campiños floridos  
por tristes campos sen rego!

Trocar tan claras fontañas,  
ríos tan murmuradeiros,  
por seco *polvo* que nunca  
mollan as bágoas do ceo!

Mais, aí!, de onda min te fuches,  
sen dor do meu sentimento,  
*í* aló a vida che quitaron,  
aló a mortíña che deron!

Morriches, meu queridiño,  
e para min *n'hai consuelo*,  
que onde antes te vía, agora  
xa *soío* unha tomba vexo.

Triste como a mesma noite,  
farto de dolor o peito,  
píddolle a *Díos* que me mate,  
porque xa vivir non quero.

*(As mulleres vanse erguendo indignadas)*

**Muller 1** –*¡Castellanos de Castilla,*  
tendes corazón de aceiro,  
alma coma as penas dura,  
e sen entrañas o peito!

**Muller 2** –En *trós* de palla sentados,  
sen fundamentos, soberbios,  
*pensás* que os nosos filliños  
para serviros naceron.

**Muller 3** –E nunca tan torpe idea,  
tan criminal pensamento  
coubo en máis fatuas cabezas  
nin en máis fatuos sentimentos.

**Muller 4** –Que Castela e casteláns,  
todos nun montón, a eito,  
non valen o que unha herbiña  
destes nosos campos frescos.

*(Xuntas marcan o ritmo cos pés e berran mentres avanzan)*

**Todas** –*Castellanos de Castilla,*  
tratade ben ós galegos:  
cando van, van como rosas;  
cando vén, vén como negros!

**FIN**

# FICHA TÉCNICA

## OBRADOIRO DE TEATRO E REPRESENTACIÓN

**Organiza:** Concello de Oia

**Imparte:** A Artística Teatro e Danza  
· Alfredo Rodríguez Fernández  
· Olga Cameselle Estévez

**Dirixe:** Alfredo Rodríguez Fernández

**Colabora:** Xacobeo 2021

**Elenco:** Veciñas e veciños de Oia  
· Ángeles Fernández Trigo  
· Consuelo González Mariño  
· Delfina Álvarez Crespo  
· Hugo Pacheco Domínguez  
· Isabel Rodilla Villamiel  
· José Miniño González (Pirri)  
· Josefa Mariño Villa  
· Laura Alonso Iglesias

- Lita Pulido Rodríguez
- Loreto Dorado Silva
- Lúa Paredes Romero
- Luisa Mariño Villa
- Manuel Álvarez Barbosa (Portela)
- Manuel Senra Opazo
- María Dolores Álvarez Giráldez
- María Luisa Dasilva Valverde
- Marisa Guerra Cañizo
- María Victoria Valverde Peleteiro
- Mónica Domínguez Valverde
- Noa Paredes Romero
- Patricia Muñoz Raña
- Rosa Alonso Álvarez
- Serafina Valverde Peleteiro

Coa colaboración especial de Paula Cobián Escola de Danza

**Decorado:** Alumnado e profesorado dos CEIP Refoxos e Mestre Manuel García

**Son:**

- José Antonio Pérez González (O Vilas)
- Rubén Pastoriza Díez

Queremos facer un recoñecemento especial a Fernando Javier Costas Goberna, quen nos proporcionou documentos e relatos para a elaboración dos textos dramáticos.

## EXPOSICIÓN E CATÁLOGO

**Organiza:** Asociación Costa dos Castros

**Colabora:** · Obradoiro de teatro veciñal  
· Deputación de Pontevedra (Ano da Música)

**Comisarios:** · Alfredo Rodríguez Fernández  
· Patricia Muñoz Raña (interpretación do patrimonio)

**Revisión lingüística:** Marisa Guerra Cañizo

*A todas as persoas e institucións que dalgún xeito se involucraron neste proxecto:*

**GRAZAS DE CORAZÓN!**